



XOVES, 22 DE ABRIL DE 2021 JUEVES, 22 DE ABRIL DE 2021 | BOP NÚMERO 74

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MIÑO

Anuncio das bases de convocatoria para a contratación laboral temporal polo Concello de Miño de dous limpadores/as para o servizo de limpeza de baños nas praías para a tempada de verán 2021

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL POLO CONCELLO DE MIÑO DE DOUS (2) CONDUCTORES/A - LIMPADORES/AS PARA O SERVIZO DE LIMPEZA DE BAÑOS NAS PRAIAS PARA A TEMPADA DE VERÁN 2021

1.ª.-Obxecto da convocatoria.

O obxecto das presentes bases é regular a convocatoria para a selección e posterior contratación laboral temporal polo Concello de Miño de DOUS (2) conductores/as-limpadores/as para o servizo de limpeza de baños nas praías para a tempada de verán 2021.

Os postos de traballo obxecto da presente convocatoria desempeñarán as funcións propias desta categoría profesional que lle sexan encomendadas polo/a concellerio/a delegado/a, sendo a principal:

- A atención e limpeza dos servizos hixiénicos das praías grade de Miño, Ribeira e Perbes.

As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable e as instrucións ditadas polo/a concelleiro/a delegado/a.

2.ª.-Modalidade, período da contratación e retribucións.

A modalidade do contrato que ligará ao Concello cos/coas aspirantes finalmente seleccionados/as será a de contrato laboral temporal por obra ou servizo determinado a xornada completa (39 horas/semanais).

A duración do contrato será aproximadamente de 3 meses y 4 días, a desenvolver previsiblemente entre o próximo 17 de xuño e 20 de setembro de 2021.

As retribucións a percibir polas persoas contratadas serán as correspondentes ao convenio colectivo do sector de limpeza de edificios e locais da Coruña (BOP n.º 144, do 01.08.2019) con arranxo ás seguintes equivalencias:

- Conductor/a-limpador/a.

3.ª -Publicidade.

As bases do presente proceso selectivo publicaranse integralmente no taboleiro de anuncios do Concello de Miño, na súa sede electrónica, nun diario dos de maior tirada da provincia de A Coruña e no Boletín Oficial da Provincia.

Todas as publicacións sucesivas faranse no taboleiro de anuncios do Concello e a título informativo e complementario na sede electrónica do Concello de Miño.

4.ª.-Requisitos dos aspirantes.

Para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Nacionalidade: ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar as persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuge non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España.

b) Idade: ter feitos os 16 anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Capacidad funcional: non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establecese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

d) Habilitación: non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para ao desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencia. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Compatibilidade: non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

f) Titulación: non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións previstas no sistema educativo.

g) Outros requisitos: Estar en posesión do permiso de conducir B.

h) Requisitos lingüísticos: posuér un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega CELGA 1, equivalente ou superior. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega.

Tódolos requisitos esixidos nesta base deberanse cumplir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias (agás a acreditación do coñecemento da lingua galega que por motivo xustificado cuxa aceptación valorará o tribunal poderá presentarse ata o mesmo día que se fixe para a realización da proba) e mantelos ata o momento da toma de posesión da praza.

5.ª.-Presentación de instancias.

As persoas que desexen participar na presente convocatoria deberán presentar instancia dirixida ao Sr. alcalde segundo o modelo que figura nas presentes bases (Anexo I).

O prazo de presentación de instancias será de tres (3) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

As instancias poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, na súa Sede Electrónica ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Se consonte a este precepto se presentara a instancia vía correo, deberá aparecer na devandita solicitude o selo da correspondente oficina de correos e comunicárselle simultaneamente ao Concello a realización do envío ben por fax ou ben por correo electrónico (correo@concellodemino.gal) co fin de que, rematado o prazo de presentación de instancias, sen telas recibido, se pospoña a elaboración da relación de admitidos/as e excluídos/as provisional ata recibir a documentación remitida polo/a aspirante; noutro caso, só a data de inscrición da instancia no Rexistro Xeral do Concello será a que se teña en conta para todos os efectos.

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:

a) Copia simple do documento nacional de identidade ou documento identificativo.

b) Copia simple do documento xustificativo de estar en posesión do carné de conducir B.

c) No seu caso, copia simple do documento xustificativo de estar en posesión do Celga 1 ou equivalente.

Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentaran os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuge e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo. Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España.

Os/as aspirantes con algúna discapacidade terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa da mesma. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, todos os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgúnha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar debidamente traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeran constar na súa solicitude, podendo unicamente solicitar a súa modificación mediante escrito motivado dentro do prazo de presentación de instancias.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión do/a aspirante.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

6.ª.-Admisión dos/as aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución, declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica, e será determinante para os efectos de posibles reclamacións.

Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de tres días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución no taboleiro de anuncios do Concello, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Posteriormente, o alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica. Na mesma resolución o alcalde determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do Órgano de selección.

No caso de que se produza a admisión de todos os/as candidatos/as presentados/as, sen exclusións, poderase prescindir da aprobación e publicación das listas provisionais.

7.ª.-Tribunal cualificador.

Os membros do Tribunal Cualificador do proceso selectivo serán designados polo alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por un número ímpar de membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco (un presidente, tres vogais e un secretario), debendo designarse o mesmo número de supletes.

Os membros do Tribunal Cualificador deben ter unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo e deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ningúén.

Segundo as circunstancias do proceso, cando por razóns técnicas ou doutra índole así o aconsellases, o Tribunal, por medio da presidencia, poderá dispor a incorporación aos seus traballos con carácter temporal, de asesores especialistas, que limitarán a súa intervención a colaboración que, en función de súas especialidades técnicas, lles solicite o Tribunal, polo que actuarán con voz pero sen voto.

Os membros do Tribunal deberán abstirse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Régime Xurídico do Sector Público. Igualmente, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorra algúna das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). en todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

Todos os membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioria de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu presidente.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolve-las dúbihdas que se presenten e para toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

O Tribunal Cualificador a efectos da percepción de asistencias dos seus membros queda englobado na categoría terceira conforme á clasificación prevista no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. A Alcaldía-Presidencia fixará o número máximo de sesións que poidan devengarse sen prexuízo de que poidan ser ampliadas previa solicitude do presidente do Tribunal en base a causas xustificadas.

8.ª.-Desenvolvemento do proceso selectivo.

Os/as aspirantes serán convocados/as en chamamento único, quedando decaídos/as no seu dereito aqueles/as que non comparezan, salvo casos debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

Os/as aspirantes deberán presentarse para realizaren os exercicios provistos do D.N.I., ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daquela.

Comezada a práctica do exercicio, o tribunal poderá requirirlles en calquera momento ós/ás aspirantes que acrediten a súa identidade.

Non se permitirá o acceso ao lugar no que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, reloxos intelixentes, axendas electrónicas ou calquera outro instrumento do que se poida valer o/a aspirante para auxiliarse na realización do exame e non se habilitará ningún servizo de recollida destes aparatos.

Entre o remate dunha proba e a realización da outra deberá transcorrer como mínimo 24 horas, non obstante, cando o Tribunal o considere conveniente, poderá acordar a celebración de varios exercicios nunha mesma xornada, concedéndolle aos opositores un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, ou na xornada seguinte, deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

Os horarios serán determinados polo Tribunal e non se celebrarán en días festivos, pudendo ser en horario de mañá ou tarde.

A orde na que actuarán os aspirantes naqueles exercicios que non se poidan realizar conxuntamente será por orden alfabetico.

Os exercicios, tanto orais como escritos ou prácticos, realizaranse en lingua galega ou castelá, agás aqueles destinados a valorar o coñecemento dun idioma, que se realizarán no idioma indicado no exercicio.

A publicación dos resultados obtidos por cada aspirante en cada un dos exercicios, así como o anuncio convocando os/as aspirantes para a celebración de cada exercicio, farase exclusivamente no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica. Concederase un prazo de tres (3) días hábiles aos efectos de alegacións a contar desde a sinalada publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer o acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará ás persoas aspirantes, con anterioridade á realización dos exercicios, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean previstos expresamente nestas bases mediante publicación no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

9.ª.-Sistema de selección.

Establécese como sistema de selección o de oposición.

A) **Fase de oposición** (ata un máximo de 40,00 puntos): de carácter obligatorio e eliminatorio para todos os aspirantes. Constará do seguinte exercicio:

A.1) **Primeiro e único exercicio.**—Consistirá en contestar un cuestionario de 40 preguntas tipo test con 3 alternativas de resposta cada unha. Puntuarase de 0 a 40, sendo preciso acadar 5 puntos como mínimo para non quedar eliminado/a. Dita proba terá unha duración máxima de 45 minutos. A proba será determinada polo órgano de selección, entre todo o contido do programa especificado no Anexo II desta convocatoria.

B) Acreditación do coñecemento da lingua galega (apto/a ou non apto/a): de carácter obligatorio e eliminatorio para os aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega segundo a base 4.^a. Consistirá no seguinte exercicio:

B.1) Consistirá en traducir (oral ou escrito) nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de diccionario, un texto de castelán a galego, e outro de galego a castelán, propostos polo Tribunal. Este exercicio valorarase como aspirante apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondendo ao Tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar dito resultado.

Trala realización deste exercicio e a súa avaliación, o Tribunal procederá á publicación da relación daqueles aspirantes que o superaron.

10.^a.-Cualificación final, relación de aprobados e proposta de contratación.

A cualificación final do proceso virá determinada pola puntuación obtida na fase de oposición publicándose o resultado por orde de maior a menor puntuación.

En caso de empate este dirimirase por sorteo.

O tribunal despois da cualificación dos aspirantes fará públicas a relación definitiva dos aspirantes aprobados e pola orde da puntuación obtida. Así mesmo, esta relación presentarase ao señor alcalde coa proposta para súa contratación laboral.

O tribunal non poderá aprobar nin incluír na proposta de contratación un número superior de aspirantes ao de prazas que se convocaran, resultando nulo de pleno dereito calquera acordo que contraviñese o disposto por esta norma.

11.^a.-Formalización do contrato.

Co obxecto de subscribir o correspondente contrato laboral, e sen prexuízo en todo caso, do establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o/a aspirante proposto/a, achegará no prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir da publicación da relación definitiva dos aspirantes aprobados no taboleiro de anuncios do Concello, a seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade.
- b) Fotocopia compulsada do carné de conducir B.
- c) Fotocopia compulsada do título esixido para o acceso, no seu caso.
- d) Fotocopia compulsada do CELGA 1 ou equivalente, no seu caso.

e) Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.

f) Declaración responsable de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Así mesmo, e co fin de acreditar o cumprimento do requisito recollido na base cuarta c), o/a aspirante proposto/a deberá someterse a un recoñecemento médico realizado polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais, recoñecemento polo que se acreditará que non padece enfermidade ou defecto físico que, pola súa natureza e grado, imposibilite o desempeño das funcións propias da praza, salvo que no prazo de 3 días hábiles contados a partir da publicación da relación definitiva do/s aspirantes aprobado/s no taboleiro de anuncios do Concello presente certificación médica ou informe de saúde actualizado acreditativo de posuér a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo ao que aspira expedido por facultativo competente.

Aportada a documentación esixida nesta base e acreditados a totalidade dos requisitos, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento dos aspirantes propostos e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo no prazo que se lle indique.

Non obstante, a non presentación en prazo da documentación esixida nesta Base e agás os casos de forza maior, ou cando do exame da mesma e/ou do recoñecemento médico, dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na

base 4.^a, non poderán ser nomeados e quedarán anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación.

12.^a.-Lista de reserva.

Ca relación definitiva dos aspirantes que superaron o proceso selectivo e non obtiveron praza e pola orde da puntuación obtida formarase unha lista de reserva. Os que formen parte da mesma poderán ser chamados (sempre respectando a orde da lista), para cubrir posibles vacantes que se produzan. A vixencia da lista coincidirá ca duración da contratación obxecto das presentes bases.

En Miño, a 9 de abril de 2021.

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

ANEXO I
MODELO DE INSTANCIA

D./Dna., con DNI número....., e domicilio a efectos de notificacións e comunicacións en
....., C.P....., localidade de, provincia
de, teléf. e E-mail:

EXPOÑO:

1.º.–Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo Concello de Miño a través do anuncio publicado o pasadono..... para a CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 CONDUCTORES/AS-LIMPIADORES/AS PARA O SERVIZO DE LIMPEZA DE BAÑOS NAS PRAIAS PARA A TEMPADA DE VERÁN 2021.

2.º.–Que reúno todos os requisitos esixidos nas bases da presente convocatoria á data de expiración do prazo de presentación de instancias.

3.º.–Que achego a seguinte documentación, sumando a totalidade da miña solicitude un total de páxinas.

- Copia simple do documento de identidade (DNI, NIE, pasaporte).
- Copia simple do carne de conducir tipo B.
- Copia simple, no seu caso, do documento xustificativo de estar en posesión do Celga 1 ou equivalente.

4.º.–Que a documentación que achego xunto con esta solicitude é copia fiel da orixinal, que presentarei no Concello de Miño no momento en que, no seu caso, me sexa requirida ao efecto.

5.º.–Que coñeo e acato incondicionalmente o contido das bases reguladoras.

Polo exposto,

SOLICITO: Que se teña por presentada esta solicitude e se me admite para tomar parte no proceso selectivo convocado para cubrir as prazas convocadas.

En, a de de 2021.

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MIÑO

ANEXO II

TEMARIO

Tema 1.–Produtos de limpeza. Produtos químicos de limpeza, toxicidade, aplicación de produtos, a lexía: propiedades e uso, a auga: propiedades e uso, deterxentes: propiedades e uso.

Tema 2.–As etiquetas dos produtos químicos empregados na limpeza.

Tema 3.–Utensilios de limpeza.

Tema 4.–Deterxentes

Tema 5.–Medidas de seguridade nos lugares de traballo. Medidas preventivas que debe adoptar o persoal de limpeza.

Tema 6.–Diferentes tipos de limpezas: mantemento e desinfección.

Tema 7.–Residuos sólidos urbanos. Os residuos perigosos e xestión dos mesmos.

Tema 8.–Unidades de medida: volume, peso, superficie, capacidade.

Tema 9.–O municipio de Miño.

Tema 10.–O rueiro de Miño.

2021/3183